



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado martes 16 de xaneiro o Diario Oficial de Galicia publicaba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2006.

Esta norma regula as diversas condicións de explotación dos distintos recursos marisqueiros do noso litoral durante todo o ano.

Entendendo que estamos diante dunha normativa de alta relevancia para o sector marisqueiro galego, sería conveniente que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos explicara cales foron os criterios empregados polo Executivo para aprobar os plans de explotación xa citados.


Por todo o anteriormente exposto, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- Cantos plans de explotacións presentaron as entidades representativas do sector?
- 2.- Cantos deles foron para zonas de libre marisqueo e cales para concesións administrativas?
- 3.- Cales son os criterios empregados para a súa aprobación?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 26/01/2007 12:37:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia
